

# II CONCURSO PARA A CREACIÓN DO CARTEL OFICIAL DAS XORNADAS DE TECNOLOXÍA DE GALICIA



A Asociación do Profesorado de Tecnoloxía de Galicia (APETEGA) convoca o concurso para o deseño do cartel anunciador das VIII Xornadas de Tecnoloxía de Galicia.

Con este concurso, e por segundo ano consecutivo, preténdese involucrar ao alumnado galego de Tecnoloxía nas actividades que realiza APETEGA (Asociación do Profesorado de Tecnoloxía de Galicia), así como fomentar o traballo nas aulas dos contidos de deseño gráfico e manexo das TIC correspondentes á área de Tecnoloxía.

## BASES

- **Destinatarios:** Alumnado dos centros de Ensino Secundario e Bacharelato de Galicia que estean a cursar a asignatura de Tecnoloxía. Cada participante só poderá presentar un único traballo.
- **Tema:** O deseño do cartel debe servir para anunciar a celebración das VIII Xornadas de Tecnoloxía de Galicia. Deberá incluír o seguinte texto:

VIII Xornadas de Tecnoloxía de Galicia  
18 e 19 de abril de 2008  
IES Gregorio Fernández - Sarria (Lugo)  
APETEGA  
[www.apetega.org](http://www.apetega.org)

e algún dos logos de APETEGA que se poden descargar de:

<http://www.apetega.org/VIIIxornadas/concurso-carteis/logos>

- **Formato:** o cartel poderase realizar en calquera formato gráfico dixital, valorando especialmente os que se presenten nalgún formato libre.

- **Presentación de traballos:** Os traballos deberán ser enviados como arquivo adxunto á dirección [xornadas@apetega.org](mailto:xornadas@apetega.org) polo profesor de Tecnoloxía do centro do alumno ou alumna participante. No correo indícarase o centro, o nome do profesor e o nome e curso do autor.
- **O prazo de presentación** dos traballos remata ás 14:00h do día 20 de decembro de 2007.
- **Premio:** Outorgarase un único premio ao cartel gañador do concurso consistente en material electrónico/informático valorado en 150.-€. O traballo gañador quedará en poder de APETEGA que poderá facer de el o uso que considere oportuno (publicar, expoñer,...).
- **Xurado:** O xurado estará composto por profesorado de Tecnoloxía. O xurado poderá declarar deserto o premio se ao seu xuízo ningún traballo reúne os requisitos axeitados. O fallo do xurado será inapelable. O fallo farase público a primeira quincena de febreiro de 2008 a través da web da asociación: [www.apetega.org](http://www.apetega.org).
- **Criterios de selección:** Valorarase a orixinalidade e o deseño así como a relación co tema da convocatoria. Os traballos deben ser inéditos e non estar premiados noutros concursos.
- **Normas finais:** O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por todos os concursantes das presentes bases; motivo polo cal non poderán impugnalas unha vez formalizada a presentación. O incumprimento das mesmas determinará a exclusión automática do concurso. Os concursantes reponsabilizaranse totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe. Calquera situación non prevista nestas bases será resolta polo xurado na forma que considere conveniente.

Santiago de Compostela a 26 de setembro de 2007